



## **REGULAMENTO MUNICIPAL DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O dereito de asociación configúrase como un dos dereitos fundamentais e liberdades públicas reguladas na Constitución Española, en concreto no seu artigo 22, e desenvolvido na Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación. Pola súa parte a vixente normativa estatal de réxime local configura, a través do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, como un instrumento xurídico para canalizar as relacións entre os Concellos e as entidades asociativas representativas dos intereses dos veciños.

Non debe perderse de vista como a propia definición dos municipios que realiza a Lei de Bases de Réxime Local no seu artigo 1.1., definíndoos como “vías inmediatas de participación cidadán nos asuntos públicos”, enlaza a estas entidades asociativas cos Municipios e obriga á creación dun Rexistro que permita ó Concello coñecer os datos esenciais das asociacións existentes no seu ámbito territorial, e á vez permita a estas inscribirse no Concello e obter unha serie de facultades en relación co mesmo.

Atendendo a esta finalidade o Concello de Vilagarcía de Arousa, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial e, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida no Artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, procede a dictar o presente Regulamento.

### *TÍTULO I*

#### *Artigo 1º.- Obxecto do Regulamento*

Este regulamento ten por obxecto regular o Rexistro Municipal de Asociacións, así como o procedemento de inscrición neste.

Á súa vez, o rexistro ten por obxecto permitir ao Concello de Vilagarcía coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, aos efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal, independente do Rexistro Xeral de Asociacións no que, así mesmo, deben figurar inscritas todas elas.



O rexistro levarase na Secretaría Xeral da Corporación e os seus datos serán públicos (Artigo 236.2 e 4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

#### *Artigo 2º.- Asociacións*

Serán consideradas asociacións cidadáns susceptibles de ser inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, todas as que estean legalmente constituídas como tales (asociacións de veciños, de pais e nais, xuvenís, de amas de casa, de terceira idade, ecoloxistas, culturais, artísticas, deportivas, relixiosas ou filantrópicas, ou de calquera outra clase), sen ánimo de lucro, que teñan a súa sede no Municipio de Vilagarcía e que exerzan a súa actividade no mesmo.

#### *Artigo 3º.- Carácter do rexistro*

O Rexistro Municipal de Asociacións Cidadás ten carácter voluntario polo que poderán inscribirse no mesmo cantas asociacións ou persoas xurídicas de carácter social e sen ánimo de lucro, que desenvolvan as súas actividades e que constitúan o seu obxecto social no termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

### *TÍTULO II: PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN*

#### *Artigo 4º.- Dereito de inscrición*

O dereito de asociación inclúe o dereito á inscrición no rexistro de asociacións competente, que só poderá denegarse cando non se reúnan os requisitos establecidos no artigo 30.3 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como no Rexistro Municipal de Asociacións.

#### *Artigo 5º.- Carácter da inscrición*

- 1.- As asociacións reguladas no presente regulamento poderán inscribirse en este rexistro municipal, aos solos efectos de publicidade.
- 2.- A inscrición rexistral fai pública a constitución e os estatutos das asociacións, e é garantía tanto para os terceiros que con elas se relacionan como para os seus propios membros.

#### *Artigo 6º.- Solicitud de inscrición*

- 1.- As inscricións realizaranse a solicitude das asociacións interesadas.
- 2.- A solicitude de inscrición dirixirase ao Sr./a. Alcalde/sa Presidente/a do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa e presentarase no Rexistro Xeral do Concello, así mesmo tamén se poderán presentar ante as oficinas e rexistros a que se refire o Artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.



3.- A solicitude conterá os seguinte datos:

- a) Identificación do/a solicitante ou solicitantes, as súas sinaturas e cargo que ostentan na asociación ou condición na que actúan e o seu número de identificación fiscal.
- b) Identificación exacta da asociación, a súa denominación, enderezo, o nome de dominio ou dirección de internet que, no seu caso utilicen, de conformidade co previsto no Art. 9 da Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, e, cando se houberse obtido, o número de identificación fiscal. En caso de que non se aportara este último xunto coa solicitude, unha vez obtido dito número remitirase ao rexistro para a súa constancia.
- c) Descrición da documentación que se acompaña e petición que se formula.

*Artigo 7º.- Documentación que debe aportarse coa solicitude*

Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) Estatutos da asociación.
- b) Certificación de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Enderezo social.
- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa de actividades do ano en curso.
- g) Certificación do número de socios.

*Artigo 8º.- Resolución de erros na solicitude de inscrición.*

Cando se advirtan defectos formais na solicitude ou na documentación que a acompaña, requirirase ao interesado/a para que, nun prazo de 10 días, corrixa a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así no fixera, se lle terá por desistido da súa petición, previa a correspondente resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

*Artigo 9º.- Órgano competente.*

No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e salvo que este tivera que interromperse pola necesidade de corrixir a solicitude inicial, acordarase, mediante resolución, a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións da asociación solicitante, e a partir de ese momento considerarase de alta a todos os efectos.

*Artigo 10º.- Denegación de inscrición*



A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións unicamente poderá ser denegada, mediante resolución motivada, no caso de asociacións, entidades ou colectivos, cuxo obxecto social sexa contrario á lei e/ou fomenta a discriminación, a intolerancia, a xenofobia, a desigualdade ou atenten contra os valores de convivencia pacífica establecidos na Constitución e nas Leis.

*Artigo 11º.- Réxime de Recursos*

1.- As resolucións dictadas que deneguen a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións poñerán fin á vía administrativa.

2.- Contra as citadas resolucións poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os dictase ou ser impugnados directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo do que dispón o artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, cando se aprecien indicios de ilicitude penal.

*Artigo 12º.- Contido das follas rexistras.*

As follas rexistras conterán os asentos e as súas modificacións, relativas ás seguintes circunstancias:

- a) A denominación. Farase constar, así mesmo, o número de identificación fiscal.
- b) A Rúa e número ou lugar de situación, a localidade, o Concello, a Provincia e o código postal do enderezo social.
- c) Fins e actividades estatutarias reflectidos en forma extractada.
- d) Ámbito territorial no que realice principalmente as súas actividades.
- e) Identidade do/a Presidente/a ou representante legal e do/a Secretario/a ou membro do órgano de representación con facultades para certificar sobre os acordos sociais, consignando o nome e apelidos de estes cando foran persoas físicas, e a razón social ou denominación cando foran persoas xurídicas.
- f) A data de constitución e da inscrición da entidade.
- g) As asociacións que constitúen ou integran federacións, confederacións e unións, e a referencia ás súas inscricións rexistras nos rexistros correspondentes.
- h) A pertenza a outras asociacións, federacións, confederacións e unións ou entidades internacionais, e a referencia ás súas correspondentes inscricións rexistras.
- i) A baixa, suspensión ou disolución da asociación, e as súas causas, así como a autoridade xudicial, cando esta o tivera acordado, e o nomeamento de liquidadores para o suposto de disolución.



j) O peche provisional ou definitivo da folla, a data e a súa causa.

#### *Artigo 13º.- Publicidade*

A publicidade farase efectiva mediante certificación do contido dos asentos, que se axustará aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

#### *Artigo 14º.- Certificacións*

1.- A certificación será o medio de acredita fidedignamente o contido dos asentos e dos documentos depositados no Rexistro Municipal de Asociacións. En ningún caso, o citado rexistro poderá expedir certificacións sobre os datos de inscricións de asociacións inscritas en outros rexistros de asociacións.

2.- As certificacións poderán solicitarse mediante calquera medio que permita a constancia da solicitude realizada, sen prexuízo da necesaria xustificación do aboamento da taxa correspondente, de conformidade co establecido na ordenanza municipal.

### **TÍTULO III: DEREITOS E OBRIGAS**

#### *Artigo 15º.- Dereitos*

As asociacións inscritas terán, os dereitos que lle confire a lexislación vixente, o Regulamento do Consello Veciñal de Vilagarcía de Arousa, e nos termos establecidos no presente Regulamento os seguintes:

- a) Dereito a utilizar os medios públicos municipais, especialmente os locais, coas limitacións que impoñan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou por parte do Concello, sendo responsable do trato dado ás instalacións. O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ó Concello, ao menos, con dúas semanas de antelación, ós servizos correspondentes, estando supeditado en todo caso.
- b) Dereito a recibir axudas económicas que, no seu caso, se convoquen polo Concello, na medida en que o permitan os recursos económicos, e sempre que as asociacións solicitantes reúnan os requisitos e condicións esixidos para elo na normativa que resulte de aplicación.
- c) Dereito a recibir información sobre as actuacións municipais que por razón da materia pertenza ao seu ámbito de interese.
- d) Dereito a recibir no seu domicilio social as publicacións que edite o Concello, sempre que resulten de interese para a entidade atendendo o seu obxecto social.



*Artigo 16º.- Obrigas:*

As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións están obrigadas a notificar ao rexistro toda modificación dos datos dentro do mes seguinte ao que se produza a mesma. O orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no primeiro trimestre do ano.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello poida dar de baixa de oficio á asociación no Rexistro Municipal.

*Artigo 17º.- Convenios de colaboración*

O Concello de Vilagarcía de Arousa poderá subscribir convenios ou protocolos de colaboración coas Asociacións inscritas debidamente no Rexistro Municipal, cuxo obxecto sexa o cumprimento dos intereses públicos coincidentes co intereses, xerais ou sectoriais, propios das Asociacións.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. APLICACIÓN SUPLETORIA**

O disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, aplicarase supletoriamente en defecto do establecido neste Regulamento en canto ao procedemento que regula nel.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites e prazos esixidos na Lexislación vixente (Art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).

Vilagarcía de Arousa, a 15 de febreiro de 2010.

Asdo: M<sup>a</sup> Dolores García Giménez